



MEDIDAS DE SEGURIDADE E PROTECCIÓN ANTE O COVID-19. NORMAS DE ACCESO ÁS BIBLIOTECAS E ARQUIVOS DA FUNDACIÓN PENZOL E FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

- Recoméndase o uso preferente das escaleiras. O uso do ascensor está limitado a unha soa persoa, agás no caso de persoas que necesiten asistencia.
- Para acceder á sala de lectura será obrigatorio: usar máscara e desinfectar as mans co xel hidroalcohólico a disposición do público. Prohíbese o uso de luvas.
- A atención farase preferentemente con **cita previa** por medio de correo electrónico casagalegacultura@vigo.org ou por teléfono 986 226459.
- Nesta cita previa o público interesado tratará de detallar o material bibliográfico e documental a consultar.
- O persoal usuario acudirá de xeito individual e cumprindo as recomendacións de respectar sempre a distancia de seguridade interpersoal de 2 metros.
- A **consulta en sala** está limitada a un 75% do aforo autorizado, sempre que poida respectarse a distancia de seguridade interpersoal. Cando un usuario abandone o seu posto de lectura, este limparase e desinfectarase.
- As reproducións permitidas do material faranse por encargo do usuario e entregaránselle polo medio acordado co persoal do centro, quen fixará o prazo de recollida e/ou entrega.
- O persoal do centro será o encargado de servir ao público as obras das **coleccións de libre acceso**.
- Todos os materiais aos que acceda o público quedarán en corentena como mínimo 3 días, nun espazo habilitado para este fin.
- Os ordenadores da sala de consulta só pode usalos o persoal do centro, quen facilitará aos usuarios a información e a orientación que necesiten. O persoal usuario pode empregar os seus propios dispositivos e deberá traer o seu bolígrafo, lapis ou papel.
- Os ordenadores da sala de consulta serán usados só polo personal do centro, quen facilitará a información e orientación necesarias. O personal usuario pode empregar os seus propios dispositivos e debe traer o seu bolígrafo, lapis ou papel.
- O uso dos aseos está limitado a unha persoa de cada vez, agás no caso de persoas que necesiten asistencia.

MOITAS GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN